



**XUNTA DE GALICIA**

I. E. S. AQUIS CELENIS

36650 CALDAS DE REIS

☎ 986 54 03 58 - Fax 986 54 10 17

ies.aquis.celenis@edu.xunta.es

UNIDADE TÉCNICA  
DELEGACIÓN DE EDUCACIÓN  
36003 PONTEVEDRA

O IES Aquis Celenis de Caldas de Reis ten como acceso o parque-xardín e carballeira da vila, tanto peonil como en vehículo particular, e a parada dos autobuses escolares faise na mesma carballeira. Nestes momento o concello de Caldas está a realizar un proxecto de reforma da carballeira subvencionado pola Unión Europea que implica o peche total dese recinto polo que desde o próximo día 10 de xaneiro non se poderá acceder ao noso centro atravesando a carballeira. As obras supoñen tamén que se prohíbe por completo a circulación rodada e se traslada a parada dos autobuses fóra do parque-xardín.

Como consecuencia de todo isto, o noso alumnado ten que acceder ao centro rodeando o parque, isto implica subir por unha estrada xeral que ten moito tráfico e logo baixar por unhas escaleiras que salvan un desnivel equivalente a cinco ou seis andares e teñen un ancho aproximado de dous metros. A parada dos autobuses escolares está tamén previsto que se traslade de xeito que o alumnado que utiliza o transporte tamén baixe e suba por esas mesmas escaleiras. En total, 330 alumnos/as terían que subir e baixar por ese lugar que vai desembocar nun cambio de rasante e nunha curva dentro da estrada nacional que comunica Caldas e Cuntis.

O concello presentou como alternativa acceder polo paseo fluvial, utilizando unha pasarela de madeira que vai pegada ao río, e logo entrar no centro por unha cancela que está no patio. Desde a Dirección do centro rexeitouse esta solución por non haber forma de controlar ese acceso. Ademais, a ANPA do centro e a maioría dos pais e nais (nunha reunión celebrada no Instituto) manifestaron a súa total oposición a este acceso por consideralo pouco seguro.

Por outra parte, todos os vehículos que deben acceder ao IES (coches do profesorado, vehículos particulares do alumnado, taxis que traen alumnado, camionetas de reparto dos provedores da cafetería ...) deben utilizar unha pista na que non se poden cruzar dous vehículos e na que se debe realizar un xiro de 180 graos nun lugar no que un vehículo grande (por exemplo, unha ambulancia) no podería facelo.

Tendo en conta o anterior, desde a Dirección, a ANPA e a asemblea de nais/pais solicitouse do concello un acceso valado pola parte inferior da carballeira que quedaría até o final da reforma e que se eliminaría ao remate, cando xa se poda utilizar o resto do recinto. Ao tempo, nós non temos aínda constancia de onde vai estar a nova parada dos buses escolares (o alumnado marchou de vacacións sen que puidésemos informarlles nese sentido), segundo nos comunicou o concello están os técnicos estudando unha alternativa.

O centro xa informou ao Delegado de Educación, ao noso inspector e ao xefe de transporte da Delegación de Pontevedra xa que o concello non se puxo en contacto con eles en ningún momento. Pensamos que desde a Unidade Técnica deberían facerse alegacións ao proxecto, xa que nos parece moi pouco seguro para o alumnado a solución ofrecida. En caso de querer ver a zona e os problemas que supón este proxecto de obras, estamos á súa disposición.

Atentamente,

Xosé M. Candal González  
Director do IES Aquis Celenis